



PREGUNTA ORAL SOBRE A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ORA E GRÚA MUNICIPAIS

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o portavoz que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou hai uns meses a adxudicación do contrato de xestión conxunta da ORA e da grúa. Aínda que a sentenza exonera de responsabilidade ao Concello, tal e como indica o director da Asesoría Xurídica, o certo é que a referida sentenza implica a nulidade do contrato, que debe entrar en fase de liquidación.

O actual Goberno acordou, xa en dúas ocasións, a continuidade do servizo, alegando que a inmediata suspensión do mesmo ocasionaría un grave quebranto ao interese público, pero a prórroga do servizo, consonte ao artigo 35.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), esixe a adopción de medidas urxentes para evitar o prexuízo que suporía a suspensión. Isto é, o Goberno non pode requirir á actual prestataria para que continúe co servizo por un tempo que vaia máis alá dun “breve período”, “breve período” no que se deberían acordar, con urxencia, soportes alternativos aos do actual contrato para evitar o prexuízo ao servizo público.

Á vista do exposto, o grupo Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é a concreta xustificación das prórrogas acordadas, ou, se se prefire, cales son os concretos traballos desenvolvidos nestes tres meses e a desenvolver con inmediatez e que xustifican a continuidade do actual servizo, consonte ao artigo 35.2 do TRLCSP?

Santiago, a 11 de febreiro de 2016


Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.